

# A ANTROPONIMIA NOS TEXTOS DOCUMENTAIS GALEGOS ATA O SÉCULO XIII

*Ana Isabel Boullón Agreló*

Instituto da Lingua Galega (USC)


A finalidade deste traballo é examinar a evolución do tratamento da antroponimia nos textos medievais ata o século XIII, para determinar como esta parte especial do léxico se comporta nos documentos escritos en latín e nos escritos en romance. Para isto teremos en conta dous corpus diferentes: un de documentos orixinais latinos e outro, máis reducido, dos documentos en galego localizados ata 1260, para que sexan máis homoxéneos cronoloxicamente, e para pór de relevo as vacilacións propias dos primeiros textos. O grao de romanceamento existente en ambos os *corpora* porase de manifesto non só na evolución fonética, senón tamén no tratamento dos sufixos patronímicos, pois constitúen unha evidencia da vontade latinizante dos escribas.

## 1. A ANTROPONIMIA NOS TEXTOS ALTOMEDIEVAIS

As fontes examinadas para a realización deste traballo coinciden en boa medida coas utilizadas anteriormente para unha análise máis exhaustiva da antroponimia altomedieval (Boullón 1999); pero neste caso restrinxín a selección ós documentos orixinais, cuxas lecturas foron revisadas persoalmente, ou partían de edicións considerables fiables desde unha perspectiva paleográfica (como o caso de CDCoruña). Por esa razón, do Tombo de Samos só incluíu os documentos orixinais que o editor engade como apéndice (ata o ano 1207). Desta maneira o corpus é máis reducido pero máis fiable en canto á súa transmisión manuscrita.

Os documentos proceden na súa maior parte dos fondos dos mosteiros galegos: Carboeiro (CDCarboeiro), Ferreira de Pantón (CDFerreiraPantón), Ramirás (CDRamirás) e Samos (TSamos), amais doutros de Santiago (CatDocSantiago, DocSantiago1, DocSantiago2) e Coruña (CDCoruña). Deles extraéronse 2001 cadeas onomásticas, distribuídas cronoloxicamente da seguinte maneira:

Distribución cronolóxica das cadeas onomásticas



### 1.1. *Cara ao sistema denominativo do dobre nome*

Xa en anteriores traballos (Boullón 1995, 1999: 21-26) expuxen con certo detalle o paso do sistema do nome único á dobre denominación, que se foi producindo desde o final do séc. IX e se estendeu desde finais do XI, como ocorreu na xeneralidade da área europea cristiá. Exemplificamos o proceso con nomes tirados do noso corpus.

Spanosindus abbas	a.898	DocSantiago1 I 43
Felix abba	a.936	CDCarboeiro 243
Honoricus	a.937	DocSantiago2 395
Hermegotoni abbatisse	a.951	TSamos 229

Non é agora o momento de volver sobre as causas do cambio do sistema, simplemente constataremos que o segundo nome era case sempre patronímico, e esta propiedade marcábase mediante dous procedementos maioritarios: o xenitivo latino e os sufixos patronímicos. En documentos orixinais aparecen no século X:


Batinus Guand[ilani]	a.937	DocSantiago2 395
Fofu Aldianiz	a.[954]	CDCarboeiro 247
Kintila Argimundiz	a.[-961]	CDCarboeiro 253
Pelagius Gundesaluiz	a.[-961]	CDCarboeiro 253
Froyla Ariunfiz	a.975	TSamos 141
Gundissalbo Menendiz (monagis de Sancta Marina)	[s.10]	CDCoruña 28
Ilduara Ennegiz	[s.10]	CDCoruña 28
Odrocia Menendiz	[s.10]	CDCoruña 28
Aloyto Teodefrediz	[s.10]	CDCoruña 28
Gontina Fafilaz	[s.10]	CDCoruña 28
Gudesteus Didaz (tius meus) [Etxmerilo]	[s.10]	CDCoruña 28

Non eran, con todo, os únicos procedementos: aparecerán os sobrenomes delexicais e, en ocasións, unha terceira designación persoal, que adoita ser unha denominación de orixe; ademais, unha constante nos documentos medievais é, como é sabido, a variabilidade, que se manifesta coas distintas maneiras de expresar o patronímico (xenitivo, fórmula *proles*, sufixo *-z* coas variantes *-izi*, *-ici*, *-it*, e mais adxunción simple do segundo nome):

Albaro prolis Gudesteiz	a.1021	CDCoruña 33
Sarracino Nuni	a.1050	TSamos 287
Arias Luzi cognomen Maza	a.[1065]	CDCoruña 80
Donnino Abdelaz	a.1074	TSamos 210
Petru Iohannis de Aurantes	[s.12]	CDCarboeiro 548
Garcia Uelasquizi	a.1110	CDCarboeiro 281
Marine Arie	a.1140	CDCarboeiro 292
Pelagius Barragam	a.1170	TSamos 482
Martin Benedictiz = Martín Benedicto	a.1236	CDFerreiraPantón 27


Partindo dos datos que nos ofrecen os documentos orixinais examinados, elaborouse o cadro no que se constata o ritmo ascendente da evolución do dobre nome en Galicia ao longo do período altomedieval.

Evolución do dobre nome



Os estudos antroponímicos que parten dunha perspectiva histórica ou sociolóxica afirman que o patronímico se xeneralizou a partir da súa adopción polos grupos dominantes, e que se poden apreciar distintas prácticas na individuación dos distintos grupos sociais; así, o *nomen paternum* non é utilizado en Galicia durante os ss. X e XI polos servos, por as súas condicións de dependencia impedírenlle constituír unha familia, nin polos clérigos, que se apartan do matrimonio (Martínez Sopena 1995: 402) e, por outro lado, “el empleo de los apodos, minoritario frente a las otras formas de designación, es mayor en la antroponimia servil que en la de los hombres y mujeres libres, y en la servil masculina que en la femenina” (Carzolio 2002: 171). Co

paso do tempo, a urbanización crecente das poboacións do norte hispánico desde o XIII leva a preferir formatos de designación máis variados e cun maior contido informativo: o nome máis un elemento complementario moi determinante, como pode ser o alcume, a indicación profesional ou un topónimo de orixe. De ser o procedemento exclusivo nos séculos X e XI, pasa a diminuír significativamente nos seguintes, nunha tendencia que irá aumentando na Baixa Idade Media.



### 1.2. O romanceamento das marcas patronímicas

Interésanos distinguir os distintos procedementos patronímicos, porque eles deitarán luz sobre a vontade latinizante dos escribas. Centrarémonos en dous: a utilización do uso do sufixo patronímico e mais do xenitivo; destes, a maior parte é en *-i*, pois son nomes de orixe latina ou greco-latina declinados pola segunda declinación (ou de procedencia xermánica adaptados a este modelo); os da terceira, en *-is*, son case sempre do nome de orixe hebreo *Iohannes*:

Ueremudo Adefonsi	a.960 CDCarboeiro 252
Sisnando Luzi	a.1000 CDCarboeiro 259
Iohan Iohannis	a.1192 TSamos 487

É escusado dicir, por sabido, que non hai unha sucesión cronolóxica perfecta entre eles, dado que coexisten incluso dentro dun mesmo documento, pero si se pode advertir certas tendencias que en ocasións parecen contraditorias cos resultados romances, e que analizaremos a seguir. O que importa agora, desde o punto de vista da presenza do romance nas escrituras, é que o sistema do xenitivo debeu ser exclusivo dos textos escritos, pois non deixou descendentes na antroponimia moderna. Entón, foi coexistindo en distinta medida co sufixo patronímico, que podía presentar formas diver-

sas. A forma máis estendida era *-z* (*-iz* nas variantes máis arcaicas, *-ez* nas máis evolucionadas<sup>1</sup>, e coa variante *-az* se se trata dun nome rematado en *-a<sup>2</sup>*, ou en grupo consonántico como consecuencia da evolución fonética<sup>3</sup>), pero tamén se documentan outras que trataremos a seguir.

- Sufixo *-iz*

Pelagio Suariz	a.1001	TSamos 457
Albaro prolis Gudesteiz	a.1021	CDCoruña 33
Ero Uelasquiz	a.1050	TSamos 287

- Sufixo *-az*

Sedeges Vistellaz	a.[1025]	DocSantiago2 403
Piniolus Froilaz	a.1072(or.)	TSamos 467
Donnino Abdelaz	a.1074(or.)	TSamos 210
Didago Uimaraz	a.1074(or.)	TSamos 210

O patronímico en *-it* ten unha clara intención latinizante, pois o seu uso debeuse dar por lembrar as palabras latinas rematadas en *-t* (certos substantivos, como *caput*, e, sobre todo, a terceira persoa do singular dos verbos); ademais, o <z>, o grafema máis usual para representar o fonema africado predorsodental sonoro, procedía de κj e tamén, polo que a nós nos interesa aquí, de tj. Atopámolo por primeira vez nun exemplo illado do s. IX e, despois, un uso minoritario pero constante:


- Sufixo *-it*

Furtunit	a.898	DocSantiago1 I 42
Didacus Froylet alferit	a.1137	CDRamirás 183
Gimara Pait	a.1193	CDRamirás 185
Eluira Munit [monxa]	a.1238	CDRamirás 204
Fernandus Gondisaluit	a.1243	CDRamirás 211

1. Aínda que no corpus de documentos latinos só se rexistra na forma *Gomez*: domno *Gomez* Transtamar et Sarriam tenente a.1196 TSamos 222, Fernando *Gomez* a.[1222] CDRamirás 189, Petro *Gomez* a.[1222] CDRamirás 189, Fernandus *Gomez* a.1248 CDRamirás 241.
2. Excepto en *Diaz* ou variantes, en que a terminación procede da evolución do xenitivo latino *Didaci*, que coincide formalmente co resultado do patronímico (exemplo: Suarius *Didaz* a.1072 TSamos 468).
3. Como en *Martinz* (Pelagius *Martinz* a. 1135 CDCarboeiro 290), ou outros que non chegaron a hoxe, como Segeredo *Tetonz* a.[1025] DocSantiago2 403, Oduario *Alianz* a 1123 CDCarboeiro 287, ou Rodrico *Romanz* a.1140 CDCarboeiro 290.

Non cabe dúbida de que no seu uso tiveron que influír hábitos escriturarios, pois no noso corpus de documentos orixinais, fóra desa manifestación temperá, só se atesta nunha fonte, nos documentos de Ramirás (aínda que usado por distintos notarios: Geraldus, Gumicius, Petrus Iohannis, Petrus Menendi).. , pero isto débese probablemente ás características específicas do corpus usado, posto que no documentos romances do século XIII, como despois veremos, aparece usado en diferentes mosteiros e anos.

A partir de toda esta casuística elaborei un novo cadro, coa clasificación dos tipos de patronímico e seguindo a súa aparición cronolóxica nos textos orixinais.



Advertimos neste gráfico varias tendencias que poden parecer contraditorias cos resultados actuais, pero que en realidade están transparentando outro fenómeno ao que despois faremos referencia. A aparición do patronímico é masiva co sufixo -z, xa no século X (case un 79%), aínda que coexiste coa expresión máis latinizante, o xenitivo, cun 14%<sup>4</sup>. No séc. XI a situación comeza a mudar: a porcentaxe do sufixo -z comeza a descender e irrompen con forza (acadan case un 26%) variantes con fasquía máis latina, rematadas en *-izi*, das que reproduzo algúns exemplos tirados de fontes diversas:

4. Outro procedemento, que non aparece no gráfico por resultar irrelevante para a porcentaxe, é o uso de *proles* (*Uremudus prolix Silonia* a.958 CDCarboeiro 251), que só no séc. XI acadada unha porcentaxe significativa (un 6%), moitas veces en unión con outros procedementos, coma o sufixo patronímico (*Marina prolix Uermuizi* a.1064 TSamos 195) ou o xenitivo (*Orroka prolix regia Fredenandi principis* a.1075 DocSantiago2 411); como se ve claramente neste último exemplo, está asociado ás clases máis nobres. En todo caso, desaparece no séc. XI definitivamente.

- Sufixo *-izi*

Esemena Esemenizi	a.1001 TSamos 456
Fromangu Sendiniz = Sendinizi	a.1001 TSamos 457
Trodrilli Uistrarizi	a.[1014-1036] CDCoruña 49
Didago Uimarizi	a.[1088] CDCarboeiro 275
Menendus Gundisaluizi = Mendu Gondisalbizi	a.1058 TSamos 460
Egika Eriquizi	a.1058 TSamos 458
Flamula Guterriz = Guterrizi	a.1058 TSamos 461
Exemena Suarizi	a.1110 CDCarboeiro 281
Arias Pelagizi pr.	a.1153 CDCarboeiro 299
Petro Gomeizii = Petrus Gomezii	a.1256 CDRamirás 327

Inclúo para os datos numéricos neste grupo a variante en *-ici*, dado que é moi minoritaria (0,36% no XI, 3,76% no XII e 0,16% no XIII), e coido que no fondo ambas as dúas son variantes (construída unha a partir do xenitivo dos moi abundantes nomes xermánicos rematados en *-icus*, e a outra con influencia do patronímico en *-z*).

- Sufixo *-ici*

Munio Nunci	a.1075 DocSantiago2 411
Marina Ramirici	a.1108 CatDocSantiago2 112
domna Maria Uermudici	a.1199 CDCarboeiro 547
Rodericus Monnici	a.1232 CDRamirás 196
Terasie Froiaci	a.1250 CDRamirás 267

No XII, a tendencia continúa: mentres baixa o sufixo en *-z*, ascende o uso do xenitivo e aparece o sufixo *-t*, tamén con aparencia máis latina. Finalmente, no XIII, o xenitivo é o procedemento maioritario, con moito, e os outros todos quedaron relegados a porcentaxes pequenas, dentro das cales o maior é o sufixo *-t*; o sufixo *-z* non chega ao 3% das ocorrencias. Outro dos procedementos tidos en conta é a simple adxunción do nome do pai, sen ningún tipo de marca, coma nos seguintes exemplos.

- Adxunción sen marca do nome do pai

Tannito Dominico	a.961 TSamos 448
Ero Luzu	a.1058 TSamos 460
Petro Gartja	a.1062 CDCarboeiro 263
Didacus Adefonso	a.1062 CDCarboeiro 264
M<e>ndo Laurencio	a.1240 CDRamirás 207

Este procedemento aplícase, sobre todo, ós nomes da primeira declinación e, dentro da segunda, maioritariamente a *Adefonsus* e *Laurentius*. Ao meu ver, no que se refire ós nomes da segunda, é un ensaio, que en Galicia non cadrou (a diferenza doutras áreas, coma Cataluña), non sendo en dous nomes, *Afonso* e *Lourenzo*, por razóns probablemente eufónicas (de feito, hoxe en día son apelidos que carecen de sufixo). En canto á súa porcentaxe na Alta Idade Media, mantense en valores discretos (nunca máis do 12%), e diminúe tamén no XIII, posiblemente por ser considerado demasiado ‘romance’.

¿Cal é a razón deste repunte dos procedementos patronímicos máis latinizados, e a aparente decadencia do sufixo en -z? Sen dúbida non se pode desligar este proceso do que tamén ocorre no léxico, por exemplo, como constata Varela Sieiro neste mesmo volume (“Dos usos latinos aos usos romances: o tratamento do léxico”): a reaprendizaxe do latín clásico, que chegou a Galicia por man da orde de Cluny, en relación coa reposición do dereito romano que parte de Boloña e a substitución da liturxia visigótica pola romana (a. 1080) e que, en última instancia, comportaría a aparición do romance, ao aumentar considerablemente a distancia entre a lingua escrita e a lingua falada. En todo caso, o que estes datos demostran é que nos sufixos patronímicos houbo unha tendencia, que só puido ser consciente (pois os datos romances demostran que esas formas latinizadas non deixaron descendentes na lingua viva), que tentaba devolverlle ós patronímicos unha aparencia máis latina. Este esforzo por parte dos escribas non tivo correlato noutros aspectos lingüísticos, como a seguir veremos, nin éxito, pois no século XIII acabaría impóndose o romance definitivamente.

### 1.3. *Formas romanceadas nos lexemas antroponímicos*

Para completar a panorámica do romanceamento nos nomes propios examinei ata qué punto estes transparentan trazos romances. É ben sabido que nestes textos antigos ou primitivos debemos afrontar o problema, de non sempre doada solución, de decidir a súa adscripción lingüística, entre o latín e o romance. Xa outras veces se ten discutido sobre isto diante de textos moi temperás con abundancia de formas romances<sup>5</sup>, e tamén se ten feito un achegamento minucioso ós distintos aspectos lingüísticos que van demostrando o agromar do romance nos documentos latinos (Lorenzo 2003, 2004b: 33-36). Nesta ocasión o meu interese é comprobar como vai avanzando o romance neste ámbito tan específico da lingua como é a antroponimia. Débese ter en conta a especificidade da onomástica con respecto ao léxico

5. Véxase a interesante polémica entre Martins (1999, 2001, 2004) e Emiliano (2003c).



común: é habitual que sexa aquí onde menos se transluzo o fervor cultista (ou latinista) dos escribas, pois moitos apelidos e topónimos non teñen equivalente en latín (ou esta non é coñecida polo escriba), e, por outra parte, a necesidade de identificar sen confusións os suxeitos que participan nos actos xurídicos agudiza a fidelidade á forma real. Porén, non deixan de pesar os hábitos escriturarios que levan consigo, por exemplo nos usos das abreviaturas, o peso das formas latinas. As dúas tendencias están presentes xa desde a Alta Idade Media nos documentos.

Por tanto, para aclarar o criterio establecido á hora de considerar romanizados os ítems antroponímicos, marquei como tales aquelas formas nas que se pode apreciar algún cambio fonético explicable polo romance. Non teño en conta, en consecuencia, as variables casuais, estean ben empregadas ou non, senón só aqueles fenómenos fonéticos que transparentan a evolución da lingua (sonorización das consoantes xordas intervocálicas, caída das consoantes sonoras na mesma posición, simplificación do -nn- e do -ll-, caída do -n-, presenza das consoantes novas que indican o novo sistema de fricativas ou africadas (coma o *z*), metáteses, caídas de vogais pretónicas ou postónicas, etc.), tal e como se ve nas seguintes cadeas onomásticas:

Afriganus pr.	a.898	DocSantiago1 I 43
Sauarigo	[s.10]	CDCoruña 28
Baronz[el]lo	a.940	CDCarboeiro 245
Adosinda Diaz	[s.11-12]	CatDocSantiago 111
Suarico Enegoniz	a.975	TSamos 141
Belito	a.1058	TSamos 461
Rabinato Nuniz	a.1123	CDCarboeiro 287
Petrus Romeu	a.1238	CDRamirás 204
Petro Moacho	a.1247	CDFerreiraPantón 31

Cabe destacar aquí que hai algúns nomes de moi alta frecuencia que amosan calquera destes fenómenos<sup>6</sup>:


Fredenandus		
Arias Fernandiz	a.1001	TSamos 457
Fernando Altarizi	a.1001	TSamos 457
Nunno		
Moniu Nunizi	a.1001	TSamos 457
Nuno Uermudiz	a.1050	TSamos 287
Iohanni Nuniz	a.1170	TSamos 482

6. Para as etimoloxías correspondentes, véxase Boullón 1999.

## Munnio

Monio	a.985	TSamos 453
Fafila Muniz	a.1075	DocSantiago2 412
Monnio Ordoniz	a.1104	TSamos 220

O cadro que a seguir presentamos contempla, logo, calquera de estes fenómenos, que afastan o ítem antroponímico da súa forma máis etimolóxica.



Formas completamente en galego son escasas, en realidade; atéstanse todas elas no séc. XIII e na súa maioría foron escritas polo mesmo notario, *Petrus Menendi*:

	Ano	Fonte	Notario/escriva
Fernando Gomez	a.[1222]	CDRamirás 189	Fernando Ruderici existente notario
María Diaz	a.1225	CDRamirás 192	Iohannes notuit
Oruelido [monxa]	a.1234	CDRamirás 199	(sen nome)
Saluador pr. (don)	a.1239	CDRamirás 205	Petrus Menendi notarius de Milmanda
Bel_Infante	a.1240	CDRamirás 207	Petrus Menendi publici notarii de Milmanda
Saluador Nariz pr.	a.1243	CDRamirás 212	Petrus Menendi notarius de Milmanda
Maor Ueegas	a.1256	CDRamirás 325	Petrus Iohannis qui notuit

Destas dúas análises, o comportamento dos procedementos patronímicos e o romanceamento dos lexemas onomásticos, podemos inferir que os intentos de latinización consciente se aplicaron só nos primeiros, pois a maneira de expresar a filiación non presentaba problemas de identificación dos personaxes: tanto ten escribir *Moniz* ca *Monizi*, *Gondisaluzi* ca *Gondisaluz* ou *Gondisalui*, *Arias* ca *Arie*, *Lupe* ca *Lupiz* ou *Lopiz* (formas todas estas que alternan nos textos). Sen embargo, dá a impresión que o romanceamento dos lexemas é un proceso imparabile que comeza no IX e que no séc. XIII é xa

maioritario: nesta altura, hai xa máis formas con trazos romances cás que están escritas en latín correcto. Nos textos xa escritos en galego persistirían algúns procedementos patronímicos latinizados, pois moi forte era a tradición, pero quedaron poucos lexemas latinizados.

## 2. A ANTROPONIMIA NOS DOCUMENTOS EN GALEGO DO SÉCULO XIII

Como fonte para o estudo dos antropónimos en documentos notariais escritos en galego no século XIII, partín dun corpus de 34 documentos, procedentes de 17 lugares diferentes, na súa maior parte centros monásticos, datados entre 1228 e 1260. Proporcionaron un total de 745 cadeas onomásticas. As referencias completas de cada documento son dadas en Boullón 2004. Todos eles son documentos orixinais, excepto dous trasladados moi próximos na data de confección:

- doc. de 14/9/[1255], Caaveiro, copiado no Tombo (TCaaveiro), feito na década de 1250.
- doc. de 3/12/[1240], de Vilar de Donas, copiado en 1241.


Se ben case todos foron xa editados, as lecturas foron todas revisadas, pois van ser obxecto dunha edición específica (Boullón / Monteagudo no prelo). Isto motivou algún cambio de datación, que será explicado no devandito libro; téñase en conta, en todo caso, que as posibles oscilacións temporais non afectan para o conxunto, pois todos eles se sitúan dentro do marco cronolóxico establecido. A continuación damos as datacións concretas, a data tópica<sup>7</sup> e a súa referencia arquivística.

Ribadavia	1228 <sup>8</sup>	ACOu
Allariz	[1230-1250]	Arquivo da Casa de Alba
Melón	1231-agosto-25	AHN, Clero. Ourense, Melón, carp. 1441/4
Melón	1233-febreiro-4	AHN, Clero. Ourense, Melón, carp. 1441/11
Sobrado / Almerezo (Ponteceso)	1234-1236	ARG, perg. nº 312
Vilar de Donas	[1240]-decembro-3	AHN, San Marcos, carp. 390/199
Penamaior	1241-setembro	AHN, Clero, 1216/9
Sobrado	[1242-1252]	ARG, perg. nº 112
Ferreira de Pallares	[1243]	AHN, Clero, 1082/18
Allariz / Vilaboa (A Veiga)	1244-xaneiro	AHPOu, Sta. Clara de Allariz.

7. Utilizáronse varios criterios: o mosteiro onde tivo lugar o acto xurídico, o lugar concreto que o protagoniza (separado cun signo /); e o lugar de actuación do notario, non todos eles explícitos en cada documento.

Ferreira de Pallares	1247-abril-6	AHN, Clero, Lugo, Ferreira de Pallares, 1086/3
Montederramo	1250	AHPou, Montederramo, carp. C-9, nº 2.
Castañeira (Zamora)	1251	AHN, Carp. 2339, perg. 47.
Allariz / Sindín	1251-novembro-27	AHPou, Santa Clara de Allariz.
Castañeira	1252	AHN, carp. 2339, perg. 49.
Oia	1253-xullo-8	AHN, Clero, Oia, carp. 1801, nº 9
Meira	1254-setembro	AHN, Clero, Meira 1134/20
Sobrado de Trives	1255-xaneiro-22	AHN Clero, Antelatares, carp. 521/4
Sobrado de Trives	1255-xullo-10	AA, Perg. Trives, VII/48
Ferreira de Pallares	1255-xullo-15	AHN, Clero, Lugo, Ferreira de Pallares, 1087/8
Melón	1255-agosto-23	AHN, Clero, Ourense, Melón, carp. 1448/2
Caaveiro	[1255]-setembro-14	AHN, cód. 1439B, fol. 56, col. 1, fol. 57, col. 2
Montederramo	1255-setembro-22	AHN, Clero, carp. 1484/4
Melón	1255-décembro	AHN, Clero, Ourense, Melón, carp. 1448/6
Sobrado de Trives	1256-marzo-1	AA, caixón 4, mazo 2-A, nº 475
Monfero	1257-abril-26	ARG. Nº 114
Ferreira de Pallares	1257-novembro-8	AHN Clero, Lugo, Ferreira de Pallares, 1083/23
Meira	1257-décembro-25	AHN, Clero, carp. 1135/15
Ferreira de Pallares	1258-xuño-5	AHN, Clero, Lugo, Ferreira de Pallares, 1088/5
Ferreira de Pallares	1258-setembro-17	AHN, Clero, Lugo, Ferreira de Pallares, 1088/7
Xestosa (Toén)	1259-marzo-3	AHN, Clero, 1517/6
Moraime	1260-xuño-11	Museo de Pontevedra
Ferreira de Pallares	1259-xuño-22	AHN Clero, 1085/1bis
Caaveiro	[1260-1265]	ARG, perg. nº 111.


O reparto non é proporcional no transcurso do tempo, como se advirte no seguinte cadro:



A razón da abundancia de rexistros nas primeiras décadas, de 1220 e 1230, é a inclusión de dous documentos moi longos, o foro de Castro Caldelas e mais o chamado Tombo das Viñas de Ribadavia<sup>8</sup>.

A primeira aproximación feita a este material antroponímico foi a súa clasificación lingüística: nestes primeiros documentos romances, xunto coas formas propiamente romances, maioritarias, perduran aínda bastantes formas latinas (un 16,5%), e formas máis ou menos híbridas (quérése dicir, desinencias casuais latinas en lexemas romances, ou un patronímico romance tras un prenome en latín, ou, á inversa, un prenome en romance máis un patronímico en latín). O resumo das porcentaxes vese no cadro seguinte, e a continuación, uns exemplos da diferente casuística atopada.

Latín e romance na antroponimia dos documentos en galego do XIII



#### • Antropónimos en latín

Rod<er>ic<us> P<e> <a>gij	1230-1250	Allariz
Michael Roderici pr<e> <sb>iter>	1244-xaneiro	Allariz / Vilaboa (A Veiga)
Martin<us> Velascj	1251-novembro-27	Allariz / Sendín
Michael Iohannis	1257-novembro	Ferreira de Pallares
P<elag> lij Joh<ann>is	1259-xuño-22	Ferreira de Pallares

#### • Prenome en latín + segundo nome en galego

Valasco M<ar>tiz	1247-abril-6	Ferreira de Pallares
Petr<us> Gil	1250-febreiro	Montederramo
Ianuari Paez	1251-novembro-27	Allariz / Sendín

8. O primeiro foi transcrito por Henrique Monteagudo (véxase Monteagudo 2005 e no prelo; o mesmo autor ofrece a transcripción do texto en [http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/doc\\_en\\_galego.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/doc_en_galego.pdf)) e o segundo por Luz Méndez, quen amablemente nos proporcionou a súa edición (e fai un estudo sobre el neste mesmo volume). Téñase en conta que no Tombo de Ribadavia só se tivo en conta o lado da carne, xa que o pelo é do XIV, segundo me informa a súa editora; a súa data é aproximativa, pois non aparece explícita no texto. As datacións son aproximativas en ambos e dous casos, e poden abranger un período cronolóxico de finais da década de 1220 a 1250.

- Prenome en galego + segundo nome en latín

Fernã Martiniz	1244-xaneiro	Allariz / Vilaboa (A Veiga)
Domíga Pet<sup>r</sup>i	1251-novembro-27	Allariz / Sendín
Mig<sup>ue</sup>l Ioh<sup>anne</sup>s de Zole	1258-setembro-17	Ferreira de Pallares
Johã Michaeliz Neto	1254-setembro	Meira


- Romanceamentos

Lourentio Paez	1228?	Ribadavia
Ferreyrus	1255-agosto-23	Melón
Guillenj abbas Môte Ramj	1230-1250	Allariz

- Antropónimos en galego

Johan Abellō	1230-1250	Allariz
Maria do Curral	1228?	Ribadavia
Pay d' Oliueira	1228?	Ribadavia
Pedr' Ianes Ceboleiro	1228?	Ribadavia
Pay Martiz scelareyro	1231-agosto-25	Melón
Gomez Pedrez caualejro	1252	Castañeira
Domígo Lourẽ o	1254-setembro	Meira
Nunu Eanes de Moosende	1255-xullo-15	Ferreira de Pallares
P<sup>edro</sup> Cabeza	1257-novembro	Ferreira de Pallares
Johã Meêdez	1259-marzo-3	Xestosa (Toén)

A latinización na antroponimia en textos romances (porcentaxe)



Do cadro infírese unha tendencia non progresiva, sobre todo o que atinxe á primeira década. O feito de tódalas ocorrencias do tomo das viñas de Ribadavia estaren en romance, nun texto de datación dubidosa, podería ser indicativo de datación máis tardía. A partir da década de 1230 si que hai unha progresión máis nidia: van diminuindo as formas latinas e híbridas e

augmentando as romances. De todas formas, non se pode falar de tendencias claras nestes documentos, moi heteroxéneos en canto á tipoloxía e ao lugar de redacción. Se temos en conta, por exemplo, o mosteiro de Ferreira de Pallares, que é o que conta con máis documentos romances nestas datas, veremos que os distintos notarios non actúan de forma uniforme: en xeral advírtese en case todos eles a presenza de formas galegas, maioritarias, e latinizantes, minoritarias; pero algúns escribas, como Johan de Santiago, notario de Portomarín (1256), escriben tódalas formas en galego, e outros, como Petrus Iohannis (1257), que as escriben máis en latín; e os dous últimos, de 1258 e 1259, escritos por Johannes de Leiro e Fernandus, respectivamente, xa volven a ofrecernos esa mestura de formas galegas e latinas. En Melón, o escriba do documento máis antigo, de 1231, Pedro Rodríguez dito Manteiga, tende a escribir os nomes en galego (*Pay M<a>rt<iz> scelareyro, Ff<ernando> Capelo subcelareyro*), máis co de 1233, Petrus Petri (*J<obannes> cellarius*); en xeral, hai máis proporción de formas galegas no mosteiro de Melón ca no de Ferreira.

Non parece, pois, que se trate dunha cuestión estritamente cronolóxica, senón que máis probablemente teña que ver coa formación de cada un dos notarios e dos hábitos escriturarios dos que parten. Son mostras das fluctuacións normais nunha época de cambio, “dunha escrita nacente, dubidosa de se desprender da vestimenta latina e procuradora de solucións gráficas axeitadas á realidade romance da que son reflexo” (Tato Plaza 1997: 297).

### 2.1. O sistema de denominación nos documentos romances do s. XIII

No que respecta ao sistema denominación nestes documentos, confírmase, loxicamente, o xa visto para os documentos latinos do mesmo período: o dobre nome aquí é do 87,5%, practicamente o mesmo ca o dos documentos latinos, do 88%. Cómpre ter en conta que o nome único é dado ós dous estremos da escada social: por un lado, a señores, nobres, ou eclesiásticos, e que por tanto son identificados polo seu cargo ou posición<sup>9</sup>; por outro lado, a persoas que só levan un alcume.

- Nomes de señores, nobres ou altos postos na corte

Alfonso rey de Leon (don)	Abril (dō)
Aldonza filie regis	Aras (don)
Sancia [filie regis]	Froya conde (don)

9. A porcentaxe de nomes únicos aumenta por incluír o foro de Caldelas, un documento real no que figuran moitos altos cargos, e, por razón inversa, o Tombo de Ribadavia, no que hai persoas designadas só con alcume.

Mateu (dō)	Orracha (don')
Petri (domini)	Sancha (dona)
Petri (domnus)	Serra (dona)
Vicente (dō)	Steuaina (dona)
Viuia (dō)	Teresia (dona)
<i>Petrus</i> cācellarius domini regis	Toda (dona)
• <b>Eclesiásticos</b>	
<i>Bernaldus</i> archiepiscopus compostellanus	magister Moniois auriensis
<i>Jobannes</i> episcopus in Auria	abbas ī Meyra dō Heymerico
<i>Laurēcius</i> aurensis episcopus	<i>Petrus</i> (abbas cellanouensis)
<i>Stephanus</i> tudensis episcopus	Guillemj abbas Môte Ramj
dō Micael bispu ī Lugu	abade dom Gomet
<i>Michael</i> lucensis episcopus	abbade dō Esteuo
<i>Martinus</i> minduniensis episcopus	prior dō Fernando [Caaveiro]
<i>Rodericus</i> legionensis episcopus	<i>Jobannes</i> prior Ospitalis
<i>Geraldus</i> coriensis episcopus	<i>Petrus</i> prior Iuncarie
<i>Jobannis</i> ouetensis episcopus	<i>Jobannes</i> cellarius
<i>Nunus</i> astoronensis episcopus	<i>Jobannes</i> vestiarius
<i>Pelagius</i> salamantinus episcopus	dō Vasco uistiario
<i>Lonbaldus</i> ciuitanensis episcopus	frey Munino celareyro de Melō
<i>Michaele</i> (episcopo lucensi dō)	<i>Petrus</i> capilam
<i>Martinus</i> zamorensis episcopus	dō <i>Michael</i> [clerigo]
<i>Garcia</i> archidaconus auriensis	dō Arias mōges
arcidiagó dō <i>Matheus</i>	dō Payo mōges
• <b>Notarios ou escribas</b>	
Nuno clerico Sancti Iacobi notarius concilij de Allariz scripsit	1230-1250 Allariz
<i>Johannes</i> qui notuit	1244-xaneiro Allariz / Vilaboa (A Veiga)
<i>Bartholomeus</i> notarius	1247-abril-6 Ferreira de Pallares
<i>frater Fernandus</i> notaujt	1252 Castañeira
<i>Fernandus</i> qui notuit	1259-xuño-22 Ferreira de Pallares

- **Mulleres**

As mulleres, como é habitual, están moi pouco representadas nos documentos: no noso corpus constitúen só un 11,5% do total das cadeas onomásticas. O seu sistema de denominación é coma o dos homes, a grandes trazos: adoitan levar nome dobre, e as que levan nome único, ou ben son señoras (e por tanto levan o tratamento *dona*) ou ben son designadas con relación ao seu marido:



Marina uxor eius [Johan Ramirt] 1244-xaneiro Allariz / Vilaboa (A Veiga)  
 dona Costancia (mea moler) [Munio Fernande de Rodeiro] 1258-xuño-5 Ferreira  
 de Pallares

- Alcumes

Presentan especial interese os alcumes deste corpus, por apareceren nun número certamente significativo de casos como nome único; xa dixemos antes que comezaron a aparecer como marca de servos, e é un sistema de denominación única pouco frecuente. Nas nosas fontes están concentrados en tres documentos, o que non significa que a súa existencia se vira reducida a eses lugares, senón que posiblemente noutros simplemente non se consigase, como se pode constatar noutras fontes:


La creación del apodo es un acto social, como lo es también su fijación, pero depende de las prácticas notariales el hecho de que nos sea transmitido. Acaso a ello deberíamos atribuir su ausencia en el 'inventario' y su escasez en el TSamos, comparada con la relativa abundancia de su presencia en las listas y en los TCelanova y TSobrado (Carzolio 2002: 171).

No tomo das viñas de Ribadavia hai un rexistro de xente do pobo moito maior do que é usual nos documentos notariais, onde o habitual é figuraren, amais das autoridades e os eclesiásticos, os protagonistas dos actos xurídicos, que adoitaban pertencer ás clases sociais máis pudientes.

Cornellon	1228	Allariz
Pe de Queso = Ped de Queso	1228?	Ribadavia
oleyro (fiyo del)	1228?	Ribadavia
Barua de Lobe	1228?	Rivadavia
Merguliö	1228?	Ribadavia
Colaza	1228?	Ribadavia
Cãpiö	1228?	Ribadavia
Ferreyrus	1255-agosto-23	Melón
Cutefe	1255-agosto-23	Melón

Ó longo do século XIII vanse estendendo outras formas de segundo nome: se ben a maioritaria segue sendo a expresión patronímica, ben expresada por medio do antigo procedemento do xenitivo latino, un sufixo patronímico (*-iz*, *-ez*, e agora tamén *-es*, *-s*), ou a simple adxunción do nome do pai, sen expresión de ningún tipo de marca (o que ocorre, como xa dixemos, nos nomes *Lourenço* e *Afonso*, ou noutros da primeira declinación latina como *Arias*, *García*, ou de procedencia franca, como *Gil* ou *Durán*), aumen-

tan proporcionalmente os segundos nomes procedentes de alcumes ou con base en nomes de orixe: acadan agora un 26%. Vemos o resumo no seguinte gráfico.



Cumpriría consignar ademais que un 14% das cadeas onomásticas presentan un terceiro nome; deles, a maioría (o 68%) son de designación de orixe, polo que o seu valor onomástico é dubidoso: nestes casos pode tratarse dunha atribución local momentánea para o documento en cuestión, e non dunha forma particular de denominar o individuo, como parece máis claro nos que proceden de alcumes, que son máis idiosincráticos; cf. os seguintes grupos:

- 3º nome de orixe

<i>Maria Petri</i> de Marzã	1227-novembro	Ferreira de Pallares
Johan L<ouren>ço da Ffonte	1228?	Ribadavia
P<edr>o V<er>muez Marinao [arcipreste]	1240-setembro-14(1253)	Caaveiro

- 3º nome delexical


Joane Moogo dito Pelô = Joã Pelô	1255-agosto-23	Melón
Fern<an> P<e>l<agii> Uarella	1228	Allariz
Johã Rod[r]ig<e>z Calabaza	1255-setembro-22	Montederramo

## 2.2. As marcas patronímicas nos segundos nomes

De novo consideraremos aquí as marcas patronímicas que presentan indicios de latinización, isto é, os xenitivos da segunda declinación latina (tales como *Fernandi*, *Martini*, os máis numerosos, pois á segunda se adaptaban os frecuentísimos nomes xermánicos), mais os da primeira (*Garsie*, *Aire*) e a terceira (*Johannis*); ademais, os que revelan a intención latinizante da terminación en -t do sufixo patronímico (en *Uirmuit*, *Ramirit*), e a vocal -i- ante-

cedendo ao -z do sufixo romance (como en *Suariz*, *Petriz*). Se sumamos todas estas ocorrencias, comprobamos que a porcentaxe é bastante alta (arredor do 38%), pero minoritaria ao lado das formas puramente romances que representan a continuación do xenitivo da 3ª declinación latina (*Eanes* ou *Anes* e *Saluadores*), o sufixo -ez ou simplemente -z en formas que presentan outras evolucións fonéticas (*Martiz*, *Moniz*)<sup>10</sup>, ou mesmo un paso adiante na evolución da sibilante final a -s (*Rodriges*, *Fernandes*), forma do sufixo patronímico que aparece por primeira vez e que se convertería en maioritaria nos finais da Idade Media<sup>11</sup>. En total, estas formas plenamente romances supoñen un 62%.

Tipos de marcas patronómicas en documentos romances do XIII (porcentaxe)



Chama a atención a pervivencia nos documentos romances do XIII do suf. -it, en textos de diversas procedencias (Melón, Sobrado, Ourense, Ferreira de Pallares, Montederramo), e distintos notarios, desde 1227 ata 1260, nunha porcentaxe idéntica á dos documentos latinos: un 7%. A maior parte dáse na década con máis latinizacións, a de 1240.

10. Incluimos neste grupo aquelas formas abreviadas que non presentaban expresamente unha vocal, senón que era representación do editor, tales como *I<oban> P<ae>z p<r>iol* 1231-agosto-25, *Domïga P<ere>z* 1255 setembro-22, *Domïgo Mig<e>|<e>z* 1256-marzo-1, ou totalmente abreviado, como en *Pay M<a>r<iz> scelareyro* 1231-agosto-25, *Berto Nun<ez> de Castelo* 1255-xullo-15. As abreviaturas son habituais nos nomes moi frecuentes, e chegan a supor o 40% dos patronímicos con -z.

11. Aquí só se atesta en tres fontes: a maioría das veces, no tomo das Viñas de Ribadavia (*Tome Peres*, *Domingo Paas*, *Moor M<a>r<ti>s*, ata 28 casos), tres no documento de Vilar de Donas (contra 1240), un no tomo de Caaveiro (*don Goncaluo Rodriges*), e un noutro de Sobrado tamén de data dubidosa, 1242-1252 (*iuit Munï Fernãdit = iuit Munï Fernãdis*). En todos os casos, pero sobre todo no primeiro, pode ser un argumento para considerar unha datación máis tardía.

P<edro> Saluadorit	1231-agosto-25	Melón	Pedro Rodriguez dicto Manteyga qui notey
Gomet (abade dom)	1231-agosto-25	Melón	Pedro Rodriguez dicto Manteyga qui notey
Ffernã Diat sou padre [Pidru Fernãdit]	1242-1252]	Sobrado	(sen nome)
[Iolh<an> Pirit iscudeyro de Felgoso filio di Pidru [+]	1242-1252]	Sobrado	(sen nome)
Munī Fernãdit (iuit) = iuit Munī Fernãdis	1242-1252]	Sobrado	(sen nome)
Suer [Fer]nãdit	1242-1252]	Sobrado	(sen nome)
Pidru Fernãdit = Pedru Ffernãdit	1242-1252]	Sobrado	(sen nome)
Ruy Pirit (iuit et pur notario iurado)	1242-1252]	Sobrado	(sen nome)
Petr<us> Sãcit miles	1244-xaneiro	Allariz/ Vilaboa (A Veiga)	Johannes qui notuit
Petr<us> Sancit	1244-xaneiro	Allariz/Vilaboa	Johannes qui notuit
Johan Ramirt	1244-xaneiro	Allariz/Vilaboa	Johannes qui notuit
Rod<er>ico Gözalit (meirino)	1244-xaneiro	Allariz/Vilaboa	Johannes qui notuit
Rod<er>ico Sãcit miles	1244-xaneiro	Allariz/Vilaboa	Johannes qui notuit
Eluira Sancit (uxor ei) [Michael Petiz]	1244-xaneiro	Allariz/Vilaboa	Johannes qui notuit
R<roderico> Floylat (tenete Sariia)	1247-abril-6	Ferreira de Pallares	Bartholomeus notarius [de Ulloa] notuit
L. Lupet o cl<er>igo	1250-febreiro	Montederramo	Petrus Martini que notuit
[Elujira Gunzaluet	1251-novembro-27	Allariz/Sendín	Petrus Martini das Manus qui notauit testis
Marina Froat	1255-agosto-23	Melón	(sen nome)
M<ari>a Uimuit	1257-novembro	Ferreira de Pallares	Petrus Iohannis qui notuit

### 3. CABO

Nos documentos en latín ao longo da Idade Media observamos que a tendencia inicial a usar os sufixos patronímicos autóctonos (-z, ou a súa variante -zi), en detrimento do procedemento latino do xenitivo, vai diminuindo a partir do séc. xi, e de maneira moi acelerada no xii. Paralelamente, aumenta o uso do xenitivo latino e, en menor medida, outros sufixos que se consideran máis latinizantes (-t, -ici). É así que nos documentos en latín do séc. xiii as formas maioritarias e en alza son esas (xenitivo: 77%, pat. -ici, -it, cun 13%). Sen embargo, e contraditoriamente con esta tendencia latinizante (ou pseudolatinizante), que ten que ver coa reforma do latín clásico espallada en Europa a partir do xi, hai un aumento paulatino das formas romanceadas nos lexemas antroponímicos, que chegan á máis da metade no xiii (52%).

Nos textos en galego deste século (ata o ano 1260), que presentan en xeral moitas formas latinas, as da antroponimia son maioritariamente romances, un 74,5%, proporción que aínda aumentaría se tivésemos en conta soamente os documentos privados (e non o foro de Caldelas). Así mesmo, hai pervivencia das antigas formas latinizantes, aínda que en menor medida (o xenitivo, un 19%, o *-t* co mesmo 7%): o máis frecuente é o sufixo en *-z*, e aparece por primeira vez a forma máis moderna e xeneralizada na Baixa Idade Media, o sufixo *-es*. En conxunto, os trazos arcaizantes se mostran máis nos antigos sufixos ca nos lexemas, igual ca o que se ve no textos escritos integramente en latín. É a preconfiguración do panorama real, que se plasmará de maneira moito máis evidente na literatura, como se pode comprobar no traballo dedicado á onomástica literaria medieval, feito por Déborah González, neste mesmo volume.